

# Memoria de Actividades 2019



## Entidades colaboradoras



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Deputación  
DA CORUÑA



CONCELLO  
DE CARIÑO

## Empresas Colaboradoras



Conserveros desde 1924



Supermercado AZUCENA

Su tienda amiga

Avd. de la Constitución, 19. Cariño. Telf.: 981406075

## Contido

<b>Empresas Colaboradoras</b> .....	2
<b>Introdución</b> .....	4
<b>I Obradoiro de Nós Mariñeiros</b> .....	5
Programa do evento.....	5
Cartel do evento.....	6
Imaxes do evento .....	7
Conclusións da actividade.....	8
<b>Curso de Vela Escolares</b> .....	9
Programa.....	9
Contido formativo .....	9
Custo da Actividade.....	10
Cartel do evento.....	11
Imaxes do evento .....	12
Entrega de diplomas.....	14
Conclusións .....	15
<b>Colaboración Asociación do Comercio Cariño</b> .....	16
<b>Colaboración A.F. San Xiao do Trebo - Cariño</b> .....	17
<b>Colaboración A.C. Os Tres Aguillóns - Cariño</b> .....	17
<b>Participación na Grímpola ECOMAR 2019.</b> .....	18
<b>Actividade limpeza de praias A Basteira e a Concha 16/06/2019.</b> .....	21
<b>Curso de Vela Verán 2019.</b> .....	23
<b>Saídas Kaiak Verán 2019.</b> .....	26
<b>Actividade limpeza de praias A Basteira e a Concha 28/09/2019.</b> .....	27
<b>Participación en competicións deportivas</b> .....	29
<b>Adquisicións de material e reparacións 2019</b> .....	30
<b>Axudas, cesións e colaboracións con entidades públicas</b> .....	32
<b>Carta da Consellería de Medio Ambiente</b> .....	33
<b>Prensa e divulgación</b> .....	34

## Introdución

Nestas páxinas queremos dar a coñecer toda a nosa actividade durante o ano 2019, que puidemos sacar adiante grazas ao esforzo e empeño dos membros da directiva deste club.

Todos os traballos e investimentos realizados foron encamiñados a unha mellora significativa da situación do club respecto da do ano 2018 e anteriores.

A primeira parte foi dirixida ao público en xeral, co obxectivo de obter a súa confianza e así unir esforzos e aumentar a nosa masa social até a cantidade de 34 socios na actualidade.

Tamén aumentou o número dos usuarios que se achegan ás nosas instalacións, cedidas pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia, para practicar o deporte da vela lixeira, o remo a través dos kaiaks e as accións medioambientais que se levaron a cabo neste 2019.

Ao longo do ano saíron navegar con Nós nas dúas das modalidades deportivas o redor de 150 usuarios, dos cales 60 corresponden a vela e 70 a remo.

Estamos seguros que nos vindeiros anos este aumento verase reflectido tanto nas contas do Club como na calidade do material deportivo do que dispoñeremos.

Por iso queremos dar a grazas a todas ás persoas que se achegaron a coñecernos e a practicar deportes como a vela ou o remo na nosa ría.

A Directiva.

## I Obradoiro de Nós Mariñeiros

### **Domingo 17 de febreiro de 2019 - 11h Praza Roxa**

Organización – 11 / Asistentes - 32

#### **Programa do evento.**

Neste obradoiro preténdese dar a coñecer o Club do Mar Cariño e a Asociación de Redeiras de Cariño a través dunha actividade lúdica de carácter gratuito onde os rapaces/as convivan con seus familiares realizando unha actividade ao aire libre aprendendo a facer Nós mariñeiros.

#### **Materiais:**

Para a realización do taller o Club do Mar preparou o seguinte material para entregar aos nenos.

- 1 metro de cabo.
- 1 pau de 15 cm pintado en cores vermella (babor) e verde (estribor).

#### **Nós a aprender**

- Nó ballestrinque
- Nó chairo
- Nó as de guía
- Nó oito
- Nó volta de escota

#### **Contido do taller.**

1. Breve presentación do CLUB DO MAR CARIÑO.
2. Breve presentación da Asociación de Redeiras de Cariño.
  - a. Presentación.
  - b. Explicación de su traballo. Que fan? Para que serve?
3. Facendo unha figura con fío.
4. Entrega de materiais.
5. A facer os nós cos nenos.
6. Arborado dun Optimist como práctica e aplicación do aprendido.
7. Entrega dunhas postais e uns barquiños de papel.

Data domingo, 17 Febreiro de 2019.

Duración da actividade De 11 a 13:00 horas.

Lugar de celebración Praza Roxa.

Custo: Gratuito

Cartel evento

# *I Obradoiro de Nós Mariñeiros*



*Actividade para toda a familia.*

*Se participas recibirás un pequeno agasallo.*

*Inscricións:  
Biblioteca do Concello de Cariño  
ata o 15 de febreiro*

*Data:  
Domingo 17 de febreiro 2019  
de 11:00h a 14:00h*

*Lugar:  
Praza Roxa*

***Obradoiro gratuito***

***Organizan:***

**ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE  
REDERAS DE CARIÑO**



***Colabora:***



Imaxes evento





### Conclusións da actividade

Un gran día en familia, onde os nenos/as puideron acercarse ao mundo da vela a través deste Obradoiro, o cal tamén nos serviu para dar a coñecer aos máis cativos as tarefas que desempeñan as Redeiras da nosa vila.

Na organización da actividade colaboraron 11 adultos da Asociación profesional de redeiras de Cariño e do Club.

Participaron 32 persoas interesadas no tema dos nós e da vela.

Para nós esta primeira actuación sérvenos para marcar o inicio das actividades por parte do club e darlle visibilidade ao noso proxecto deportivo.

## Curso de Vela Escolares

O domingo 17 de marzo deu comezo o Curso de Vela Escolares, con 22 inscritos de idades comprendidas entre 7 e 17 anos.

### Programa

#### Obxectivos xerais

Con esta actividade preténdese que os alumnos aprendan a navegar a vela como ferramenta para gozar do medio acuático, fortalecer o traballo en equipo e desenvolver as capacidades do/a neno/a para manexarse de xeito autónomo nun medio como o mar.

#### A quen se dirixe?

Nenos/as con idades comprendidas entre os 7 e 17 anos que saiban nadar.

Inscrición a través dos seus centros educativos ou ANPAS.

#### Datas e horarios

A actividade desenvolverase durante 3 h á semana nas seguintes datas en grupos de 10 ou 15 alumnos:

Marzo		9-10	16-17	23-24	30-31
Abril	6-7	13-14	20-21	27-28	
Maio	4-5	11-12	18-19	25-26	
Xuño	1-2	8-9	15-16	22-23	29-30
Setembro	31-1	7-8	14-15	21-22	28-29
Outubro	5-6	12-13	19-20	26-27	

As actividades desenvolveranse de 11:00h a 14:00h en horario de mañá, e de 16:00h a 19:00h en horario de tarde.

### Contido formativo

- Nomenclatura náutica básica.
- Nós básicos.
- Introducción á navegación.

- Rumbos
- Viradas
- Preferencias de paso

1. Arboradura da embarcación

2. Seguridade

3. Navegación

- Rumbos
- Viradas
- Preferencias de paso

- Nivel de iniciación en navegación en barco colectivo.
- Nivel de perfeccionamento en navegación en barco individual ou parellas.

#### Custo da Actividade

O custo da actividade será de 15€ mes por alumno/ máis a licenza federativa que será aboada anualmente no mes de febreiro.

Licenza federativa de Escola – 16€

Cartel del Evento



**alvelo**  
www.alveloseguros.com  
vida y seguros generales

**OPTICALJA**  
CALLAO

**AT**  
ÁLVAREZ & TOMÉ  
ABOGADOS S.L.

CLINICA DENTAL  
**WARFEL**

Airósfera sport



## **Curso de Vela Lixeira Escolares**

Inscripción nas ANPAS ou na web do Club

Custo da actividade -15€ mes

Licenza federativa escola - 16€ ano

Máis info:  
clubdomarcarino@gmail.com  
<https://clubdomarcarino.es>

**Organizan:**



**ANPA BEIRAMAR  
ANPA A BASTEIRA**

**Colabora:**



Imaxes do evento





## Entrega de diplomas

Unha vez rematadas as primeiras 30h de navegación en barco colectivo entregóuselles aos rapaces/as o diploma correspondente nun acto privado para eles e os seus acompañantes e tamén a mochila do alumno/a da Fundación Ecomar con todo o material didáctico.





## Conclusiones

Esta tempada 2019 podemos estar satisfeitos co desenvolvemento do curso de Vela Escolares, cunha participación de 35 nenos/as de idades comprendidas entre os 7 e 17 anos.

Este curso comezou o 10 de marzo e rematou o 27 de outubro.

**162 horas** repartidas en dúas quendas de mañá e tarde, con actividades teóricas e prácticas de navegación que reforzan os coñecementos que se deben aplicar.

Na súa maioría adquiriron os coñecementos e habilidades necesarios para enfrontarse eles sos á navegación sen tipo ningún de problema.

## Colaboración Asociación do Comercio Cariño

O Venres 19 de abril o Club do Mar Cariño participou na XIII FEIRA ComCariño, organizada pola asociación de comerciantes de Cariño. Nesta ocasión non aportamos moito, mais agardamos que nos vindeiros anos poidamos montar o noso stand en boas condicións.



# XIII FEIRA ComCariño

## VENRES 19 DE ABRIL 2019



### MERCADO DE OPORTUNIDADES TENDAS:

LENGERÍA DALILA

DKORA BASIC HOME

ATMOSFERA SPORT

ZEN COSMÉTICA


DyM MODA INFANTIL

PERFUMERÍA ROSS

BAMBY

OXARDÍN FLOR&DECO

MERCHANDISING  
ComCariño



### ASOCIACIÓN PARTICIPANTES:

CLUB CICLISTA  
XOGOS E ACTIVIDADES  
PARA NENOS

ASOCIACIÓN AMAS  
DE CASA  
MASTER CLASES DE ZUMBA  
Participa!!

ASOCIACIÓN  
SAN XIAO DO TREBO  
MÚSICA EN VIVO

ASOCIACIÓN DE  
PACHWORD

BATERIA DO CARIÑO

CLUB DE VELA

AECC. CARIÑO

ANPA COLEXIO  
CARIÑO  
TALLERES PARA NENOS

NA PRAZA ROXA DE CARIÑO A PARTIR DAS 4 DA TARDE

#DEPORTES #DECORACIÓN #MODA #PERFUMERÍA #MERCHANDISING  
#PACHWORD #CULTURA #ACTIVIDADEDECICLISTAS #MÚSICA #ZUMBA  
#OPORTUNIDADES #SOLIDARIDADE #ARTESANÍA #PISCOLABIS  
#XOGOSPARANENOS

## Colaboración A.F. San Xiao do Trebo - Cariño

O sábado 20 de abril membros da directiva do Club do mar participaron na organización da festa dos 30 anos da Asociación.

## Colaboración A.C. Os Tres Aguillóns - Cariño

Torneo de pesca Infantil, Sábado 24 de Agosto de 2019.

Requisitos: licenza de pesca. Inscripción en Efectos Navales, Lugar de celebración: Porto de Cariño. Horario de 16:00 a 20:00 h.

**Cartel.**

**4º Torneo de Pesca Infantil**  
**Puerto de Cariño**  
**SABADO 24 AGOSTO**

**Organiza:**  
**A.C. Os Tres Aguillons**

**Requisitos:** licencia de pesca  
**Inscripción:** Efectos Navales Cariño  
**Horario Competición:** 16:00-20:00h  
**Cuota:** 3€  
**Lugar:** Puerto de Cariño

**1º Trofeo**  
**2º Trofeo**  
**3º Trofeo**

**A las 20:30**  
**Entrega de Trofeos**  
**Churrascada**  
**para participantes**

**Colabora:**  
**-Efectos Navales Cariño**  
**-Club do Mar Cariño**

## Participación na Grímpola ECOMAR 2019.

O Club do Mar Cariño participa na Grímpola Ecomar 2019, da Fundación Ecomar, fundación dirixida por Theresa Zabell, dobre campioa olímpica de vela (Barcelona 92 e Atlanta 96), que ten como piares: Coidar, Educar, Concienciar e Sumar.

### Conclusión.

¿Que nos aportou a Grimpola Ecomar 2019?.

O primeiro foron as 50 mochilas que repartimos entre todos os nosos alumnos/as con diverso material didáctico de gran calidade.

- 1 gorra
- 1 camiseta
- 1 bote de crema
- 1 cabo e mosquetón para facer nós.
- 1 mochila
- 1 Caderno de Bitacora, etc...

### Imaxes do material entregado.



A participación nesta Grimpola 2019 deunos a oportunidade de participar no concurso **“Ponte las pilas y Recicla”** o cal gañamos, grazas á colaboración de todos/as, e polo tanto recibimos o seguinte material:

1. 50 chalecos
2. 1 Vela Optimist
3. 1 Xogo de Velas Raquero...

Ademais de todo isto logramos visibilidade para o noso proxecto deportivo, tanto en presa escrita como dixital, radio e redes sociais.

O día 29 de outubro de 2019 realizouse a entrega do premio no auditorio da Casa da cultura do Concello de Cariño cunha asistencia dunhas 50 persoas.

### Imaxes

  
**1º Posto**  
**Concurso “Ponte las pilas y recicla”**  
**Entrega o Premio**  
**Theresa Zabell**  
 ● Barcelona 92 ● Atlanta 96  
**29 outubro 16:00**  
**Casa da Cultura**  
**Impartirase un obradoiro**  
**de sustentabilidade**  
 Colaboran:





## Actividade limpeza das praias A Basteira e a Concha 16/06/2019.

### Anuncio da Actividade

O Club do Mar Cariño é Centro Grímpola Ecomar 2019 da Fundación Ecomar. Fans del Mar, por iso a nosa primeira acción ambiental foi a participación no programa: **#GuardianesdelMar**

Programa medioambiental para a limpeza e conservación dos nosos mares. Esta actividade desenvolveuse o domingo día 16/06/2019. Saímos dar un paseo pola nosa praia da Basteira e a Concha e recolleremos todo o lixo que atopamos.

Ao rematar a xornada tomamos un refresco. Tamén entregamos algún regaliño!!

No horario de tarde, saímos todos xuntos navegar e recolleremos todos os residuos que vimos aboiano no mar.

Á actividade os nenos/as viñeron acompañados polos seus pais.

Todo o mundo debía vir calzado, con gorra e crema solar.

Esta actividade foi aberta a todas as persoas que quixeran colaborar con nós na limpeza e conservación do nosos espazos naturais.

Síguenos y Comparte  
#clubdomarcariño #GuardianesdelMar #VoluntariosEcomar  
#Libera1m2

A actividade anunciouse en Facebook e na páxina Web o 12/06/2019.

### Conclusión.

Limpeza das praias da Basteira e a Concha día 16/06/2019, cunha participación de unas 40 persoas, aínda que non pesamos o recollido calculamos que podemos chegar aos 70/80 kg de "basuraleza".

Ao rematar os traballos, tomamos un refresquiño, ben merecido.

Imaxes



## Curso de Vela Verán 2019.

### **Obxectivos xerais**

O principal obxectivo é a introdución á vela lixeira do alumnado, así como a adquisición de conceptos e habilidades para poder manobrar de maneira solvente un barco colectivo. (Omega ou Raquero).

### **Datas de realización.**

O Curso de iniciación á vela lixeira, de 20h de duración, levarase a cabo durante os fins de semana de Xullo e Agosto, en sesións de 4h de duración.

Organizaranse dous grupos: un de maiores de 18 anos e outro de menores.

### **Custo da actividade.**

Menores de 18 anos: 30€ socios/ 60€ non socios.

Maiores de 18 anos: 40€ socios/ 80€ non socios.

### **Conclusións.**

Para ser o primeiro ano que se realiza esta actividade podemos estar contentos coa demanda, 9 adultos en queda de tarde, e 11 nenos/as en queda de mañá.

**80 horas** repartidas en dúas quendas de mañá e tarde, con actividades teóricas e prácticas de navegación que reforzan os coñecementos que se deben aplicar.

Cartel



alvelo  
www.alveloseguros.com  
vida y seguros generales

OPTICALJA  
CALLAO

ALVAREZ & TOMÉ  
ASESORES S.L.

La Pareda  
1914  
Calle Comercio 0401-1914

CLINICA DENTAL  
WARFEL

Supermercado  
AZUCENA  
Su tienda amiga

Queres Vela?

Almósfera port

Imaxes



## Saídas Kaiak Verán 2019.

### Obxectivos xerais.

Nesta actividade trátase de fomentar o deporte do remo a través de saídas en grupo para todas as idades, con e sen apoio de lancha de seguridade. Os grupos serán de 10 persoas máximo.

### Datas e horarios.

Saída mércores – 19:00 a 20:00 h, menores de 18 anos, zona de navegación A Concha e a Basteira.

Saída sábados – 19:00 a 20:00 h, maiores de 18 anos, zona de navegación A Concha e a Basteira

Saída domingos – 10:00 a 13:00 h, saída de 3 h para maiores e pequenos con ruta a escoller dependendo do tempo. Praia Fornos ou Cabo Ortegal

### Conclusións.

Para ser o primeiro ano que se realiza esta actividade podemos estar contentos coa demanda, xa que uns 70 usuarios gozaron dela e dos recunchos da nosa ría.

### Imaxes.



## Actividade limpeza de praias A Basteira e a Concha 28/09/2019.

### Resumo da Actividade

O 28 de setembro realizouse unha limpeza das nosas praias de A Basteira e A Concha coa finalidade de concienciar e chamar a atención dos nosos veciños. Participaron 40 persoas entre nenos/as e adultos/as.

Esta acción medioambiental estivo organizada con **Libera1m2** e **SEOBirdLife**.

Ao rematar a xornada tomamos un refresco.

Esta actividade estivo aberta a todo o público.

#clubdomarcariño #GuardianesdelMar #VoluntariosEcomar #Libera1m2

A actividade anunciouse en Facebook, instagram e na páxina Web o 12/06/2019.

### Conclusión.

Limpeza das praias da Basteira e da Concha día 28/09/2019, cunha participación dunhas 40 persoas. Aínda que non pesamos o recollido calculamos que podemos chegar aos 60 kg de lixo.

E o rematar os traballos, un refresquiño.

Grazas a todos/as os participantes.

Imaxes



## Participación en competiciones deportivas.

Durante este 2019 o Club do Mar Cariño, participou na **XXXIII Regata Multiclase General Gabeiras - Memorial Carlos Aguiar** durante os días 10 e 11 de agosto de 2019 na ría de Ares.

Obtivo un 4º posto na clase Laser Radial.

Regatista: Breogán Casás Otero



## Adquisicións de material e reparacións 2019

### Reparación Raquero

Un dos primeiros obxectivos desta directiva era recuperar os barcos colectivos para poder empezar os cursos de vela e iniciar a nosa Escola de Vela.

Pezas importantes do barco que estaban en mal estado: A Pá do Temón, Crucetas ou o Foque. Son pezas fundamentais para unha navegación segura.

O importe desta inversión ascende a 514€.



### Reparación carros varada.

Con esta reparación non só se recuperan os carros de varada de Optimist e Vourien, hai que pensar que se recupera un activo do club que se pode contabilizar.

Carro de varada Optimist 173€ unidade x4 = 692€

Carro de varada Vourien 300€ unidade x2 = 600€



### **Adquisicións**

Con data 11 de xuño de 2019 compráronse :

**5 kayak dobles Ocean dúo, 10 respaldos, 10 Palas e 10 chalecos talla adulto.**

O importe total foi de 2994.75, IVE E transporte incluídos. Empresa Kailua.



## Axudas, cesións e colaboracións con entidades públicas

### Concello de Cariño

Axuda Asociacións 2019 – Solicitada  
Orzamento: 1897,27€      importe solicitado: 1517,78€

Axuda Asociación 2018 – **Denegada**  
Orzamento: 1740,00€      importe solicitado: 1392,00€

### Deputación da Coruña

FO104/2019 - Dotación material deportivo  
Concesión definitiva: Anuncio publicado no BOP do 13/11/2019 .  
Orzamento: 5184.91€      Solicitado 4147.93€      **Concedido 1000€**

### Xunta de Galicia

PR949A – Subvención equipamentos deportivos - **Denegada**  
Orzamento: 7459.65€      Solicitado 5.967,72€

### Xunta de Galicia-Conselleria do Mar

Cesión da Aula do mar, situada no porto de Cariño para a organización dos cursos escolares. Aula da planta superior. Meses de abril a outubro.

### Concello de Cariño

Cesión da oficina no edificio do Concello antigo e almacén pertencente a Portos de Galicia, fronte á parada de taxis.

Sabado 8 de xuño de 2019: préstamo do furgón Renault para ir buscar 5 optimist ao Centro galego de Vela en Vilagarcía de Arousa.

Sabado 2 de Novembro de 2019: prestamo do furgón Renault para ir entregar 5 optimist ao Centro galego de Vela en Vilagarcía de Arousa.

### Real Federación Galega de Vela.


8 de xuño de 2019: Cesión de 5 optimist para a realización dos cursos de Vela que se devolven o 2 de novembro de 2019

## Carta da Consellería de Medio Ambiente



**XUNTA DE GALICIA**

Conselleira de Medio Ambiente,  
Territorio e Vivenda



Ángeles Vázquez Mejuto

Sr. Presidente do Club do Mar de Cariño  
D. Santiago Pellit

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2019

Estimado Presidente,

Como conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, teño o pracer de poñerme en contacto con vostede para felicitalo pola merecida distinción que recibe o seu Club a favor da preservación do noso medio ambiente grazas á campaña de recollida de pilas realizada pola súa entidade este verán.

Neste sentido, gustárame que lle traslade esta felicitación, xunto co contido desta carta, a todas as persoas que participaron activamente na iniciativa, conseguindo converterse nos gañadores deste concurso de reciclaxe impulsado por Ecopilas e a Fundación Ecomar.

Os 580 quilos de pilas que o seu Club conseguiu recoller permitirán a correcta xestión e tratamento destes residuos que poden ser moi contaminantes para o medio ambiente e que, de proceder á súa reciclaxe, nos permiten aforrar recursos e coidar o noso medio.

Finalmente, aproveito a ocasión para poñer en valor o labor que desempeña o seu Club na promoción de actividades deportivas ligadas á natureza, promovendo prácticas sustentables nos nosos espazos e actividades de concienciación co respecto polo medio ambiente entre os máis cativos, que son o noso futuro.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo

## Prensa e divulgación

Neste apartado deixamos os enlaces das noticias en prensa ou radio deste 2019.

08/10/2019

<https://www.efeverde.com/noticias/campana-dos-toneladas-residuos/>

<https://www.revistabarcosavela.es/el-club-do-mar-carino-de-la-coruna-con-580-kilos-ganador-del-concuso-de-ecopilas/>

10/10/2019

[https://www.ivoox.com/club-do-mar-carino-gana-el-audios-mp3\\_rf\\_42957826\\_1.html](https://www.ivoox.com/club-do-mar-carino-gana-el-audios-mp3_rf_42957826_1.html)

<http://www.sogama.gal/es/noticia/ponte-las-pilas-y-recicla-bate-un-nuevo-r%C3%A9cord-al-recoger-2-toneladas-de-pilas-usadas>

11/10/2019

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/2019/10/11/club-do-mar-carino-gana-concurso-reciclaje-pilas/0003\\_201910F11C9993.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/2019/10/11/club-do-mar-carino-gana-concurso-reciclaje-pilas/0003_201910F11C9993.htm)

<https://gestoresderesiduos.org/noticias/los-clubes-y-escuelas-nauticas-de-las-costas-espanolas-baten-su-record-de-recogida-de-pilas-con-dos-toneladas>

16/10/2019

<https://www.marronyblanco.com/mas-de-65-toneladas-de-residuos-reciclados-gracias-a-ecopilas-y-la-fundacion-ecomar/>

30/10/2019

<https://www.ecopilas.es/el-club-carino-de-a-coruna-premiado-por-ecomar-y-ecopilas/>

<https://www.clustermaritimo.es/2019/10/30/theresa-zabell-entrego-el-premio-del-concurso-ponte-las-pilas-y-recicla/>

<https://www.lavozdeasturias.es/temas/vela>